



Código do documento	Código do expediente
UPO18I025Y	UPO/2024/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
1614 2B1V 3E3F 532P 05F8	

DGB

ACTA Nº1 DA COMISION DE AVALIACION DO CONCURSO ORDINARIO PARA A PROVISION DO POSTO DE TRABALLO DE XEFE/A DE SECCION DE SERVIZOS SOCIAIS BASICOS DO CONCELLO DE CULLEREDO. EXPTE: UPO/2024/49.

Sendo as 10.00 horas do día 10 de setembro de 2024, reúnense no salón de plenos da Casa Consistorial de Culleredo os/as empregados/as públicos/as designados por resolución da concelleira de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior de data 14.08.2024 para formar parte da Comisión de Avaliación do concurso ordinario para a provisión do posto de traballo de xefe/a de Sección de Servizos Sociais Básicos do Concello de Culleredo, segundo a convocatoria e bases aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 29.04.2024, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 90 de data 9.05.2024 (Expte UPO/2024/49).

I. CONSTITUCION DA COMISION DE AVALIACION

Preside o acto o a presidenta titular dona Carmen María Veira Baldomir, funcionaria pedagoga do Concello de Culleredo.

Actúan como vogais as empregadas públicas do Concello de Culleredo dona María Luisa Rodríguez Don (xefa de sección dos Servizos Sociais Específicos), dona Elena Lousa Souto (animadora sociocultural), e dona María Dolores Parada Yañez (traballadora social).

Actúa como secretario don Rafael del Barrio Berbel, secretario xeral do Concello de Culleredo.

A presidenta da Comisión de Avaliación procede a comprobar o quorum de asistencia e declara constituída a Comisión de Avaliación por estar presentes todos os seus membros titulares.

II. VALORACION DE MERITOS

Unha vez constituída a Comisión de Avaliación, de conformidade coa base 6 da convocatoria, procédese a baremar os méritos da única aspirante presentada ao concurso, dona Sandra García Uzal, segundo consta na lista de aspirantes aprobada por resolución da concelleira de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior de data 14.08.2024

Código do documento	Código do expediente
UPO18I025Y	UPO/2024/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1614 2B1V 3E3F 532P 05F8	

De conformidade coa base 6 da convocatoria, na fase de concurso, a Comisión de Avaliación baremará os seguintes méritos:

1 - Grao persoal consolidado

- Grao persoal consolidado 24: 10 puntos
- Grao persoal consolidado 22: 9 puntos
- Grao persoal consolidado 20: 8 puntos.
- Grao persoal consolidado 18: 7 puntos.

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 10 puntos.

A acreditación destes méritos realizarase mediante certificado, emitido de oficio polo Concello de Culleredo.

2 - Valoración do traballo desenvolvido.


- Prestación efectiva de servizos prestados como xefa/e de sección:
 - Servizos prestados como xefa/e de sección no servizo do posto ao que se opta: 2 puntos por ano.
 - Servizos prestados como xefa/e de sección noutros servizos do Concello de Culleredo: 1 puntos por ano.

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 40 puntos.

A acreditación destes méritos realizarase mediante certificado, emitido de oficio polo Concello de Culleredo.

3 – Cursos de formación e perfeccionamento.

Asistencia a cursos de formación e perfeccionamento impartidos por centros oficiais ou homologados, que teñan relación co posto que se vai a desenvolver:

Código do documento UPO18I025Y	Código do expediente UPO/2024/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)  1614 2B1V 3E3F 532P 05F8	

C.I.F. P-1503100-H

Código posto	Denominación	Servizo	Formación a valorar
BS.2.1.01	Xefa/e sección servizos sociais	Benestar social	Benestar social, dependencia, colectivos desfavorecidos, dinamización xuvenil, terceira idade, sanidade, igualdade entre mulleres e homes, subvencións, procedemento administrativo, administración electrónica, ferramentas ofimáticas (word, excel, access), e calquera outra que de forma inequívoca este directamente relacionada coas funcións propias do servizo

A valoración efectuarase dacordo co seguinte detalle, segundo a duración do curso:

- Cursos de máis de 50 horas e ata 100 horas: 8 puntos por curso.
- Cursos de máis de 100 horas: 10 puntos por curso.

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 30 puntos.

A acreditación destes méritos realizarase mediante diploma ou certificado emitido polo centro oficial ou homologado que organice o curso, onde se indique o número de horas.

4 – Nivel de coñecemento da lingua galega.

- Certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega:
 - Linguaxe administrativa (Nivel medio): 8 puntos.
 - Linguaxe administrativa (Nivel superior): 10 puntos.

Só se valorará o título de maior nivel.



Código do documento	Código do expediente
UPO18I025Y	UPO/2024/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
1614 2B1V 3E3F 532P 05F8	

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 10 puntos.

A acreditación destes méritos realizarase mediante o certificado oficial acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega.

5 - Antigüidade.

- Servizos prestados como empregado público: 0.5 puntos por ano.

Non se computarán os servizos prestados nos períodos xa alegados no apartado "2- Valoración do traballo desenvolvido" deste baremo.

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 10 puntos.

A acreditación destes méritos realizarase mediante certificado, emitido polas administracións públicas. A acreditación dos servizos prestados como empregado público no Concello de Culleredo, realizarase mediante certificado, emitido de oficio polo Concello de Culleredo.

C.I.F. P-1503100-H

Os méritos da única aspirante ao concurso ordinario para a provisión do posto de traballo de xefe/a de Sección de Servizos Sociais Básicos do Concello de Culleredo son os seguintes:

1ª.- Sandra García Uzal:

-Grao persoal consolidado: ___ pto (pendente de valorar. Non consta no expediente o certificado sobre o grao persoal consolidado que debe emitirse de oficio polo Concello. Solicítase no día de hoxe ao Servizo de Persoal para a súa emisión e incorporación ao expediente).

-Traballo desenvuelto (7 anos): 14 pto

-Cursos de formación (1 curso): 8 pto

-Lingua Galega (nivel medio): 8 pto

-Antigüidade (20 anos): 10 pto



Código do documento	Código do expediente
UPO18I025Y	UPO/2024/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
1614 2B1V 3E3F 532P 05F8	

A Comisión de Avaliación, por unanimidade, decide continuar coa avaliación dos méritos de dona Sandra García Uzal unha vez que se emita o certificado sobre o grado persoal consolidado.

E para que conste asinan a presente os membros da Comisión de Avaliación enriba citados, dando por finalizado o acto ás 11.00 horas de todo o que como secretario da Comisión dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A presidenta

O secretario

As vogais

C.I.F. P-1503100-H

VEIRA BALDOMIR, CARMEN
MARÍA
Presidenta do tribunal
24/09/2024 13:02

RODRIGUEZ DON,
MARÍA LUISA
Vogal tribunal
30/09/2024 11:07